

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 5 DE FEBREIRO DE 2024

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00004549H.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local:

- Extraordinaria e urxente de data 25 de xaneiro de 2024.
- Ordinaria de data 29 de xaneiro de 2024.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00049600Q.

Licenza de segregación de finca sita no lugar en lugar Pena, 9 Aríns

Acórdase:

Primeiro: aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 14/12/2023 outorgada ante o notario don Francisco López Moledo co número de protocolo 3669. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Santiago Alonso Barral de data de visado 07/11/2023 e a documentación presentada o 08/01/2024, a parcelación de finca sita no lugar en lugar Pena, 9 Aríns Santiago de Compostela (A Coruña), parcela con referencia catastral 15079A51000086. As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### 3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00018116T.

Licenza obra maior de construción dun edificio de soto, semisoto, planta Baixa e 2 plantas para 12 vivendas e garaxe na parcela R.8.4, Polígono B, SUNP 6 – San Lázaro

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico redactado pola arquitecta Pilar Lopez Río e o arquitecto Laureano Juncal Ortigueira de data de visado do 05/04/2022 e documentación complementaria de data de visado do 13/09/2022 e do 21/12/2022.

O proxecto básico refírese á construción dun edificio de soto, semisoto, planta Baixa e 2 plantas para 12 vivendas e garaxe na parcela R.8.4, Polígono B, SUNP 6 – San Lázaro Santiago de Compostela (A Coruña). Parcela Referencia Catastral 9784212NH3498D0001FG.

### 4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047487G.

Validación do acordo do 26/12/2023 relativo á prórroga do contrato de seguro de riscos por responsabilidade civil/patrimonial do Concello de Santiago, suscrito coa entidade aseguradora MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA polo prazo dun ano, a partir das 00:00 horas do día 29 de decembro de 2023.

Acórdase validar, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no 52 da Lei 39/2015, de 1 de Procedemento administrativo común das Administracións públicas o acordo do 26/12/2023 que literalmente di:

*Primeiro.- Prorrogar o contrato de seguro de riscos por responsabilidade civil/patrimonial do Concello de Santiago de Compostela, suscrito coa entidade aseguradora MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA polo prazo dun ano, a partir das 00:00 horas do día 29 de decembro de 2023.*

*Segundo.- O importe da prima a aboar por un ano de póliza é de 148.900,00 €.  
O gasto derivado deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 030 92000 2240200.  
ADMINISTRACIÓN XERAL. PRIMAS DE SEGUROS.*

#### **5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00047662Z.**

Resolución do contrato de execución da Obra de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras asinado con MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, con causa no incumprimento da obriga principal do contrato, ao abeiro do establecido no artigo 211.1 f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Acórdase:

**Primeiro:** dar conta á Xunta de Goberno do ditame (CCG 11/2024) emitido pola Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia da Resolución do contrato de execución de “Obras de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras”, pertencente ao concello de Santiago, adxudicado á empresa Mecano Obras y Reformas S.L. (RLC CCG 68/2021), no que ditamina: “*Que informa favorablemente a proposta de resolución contractual á que o presente expediente se refire*”.

**Segundo:** acordar a resolución do contrato de execución da Obra de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras asinado con MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, con causa no incumprimento da obriga principal do contrato, ao abeiro do establecido no artigo 211.1 f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

**Terceiro:** proceder, ao abeiro do artigo 110 d) da LCSP, a incautación da garantía definitiva ingresada en metálico polo contratista, por importe de 10.540,00 € (núm. operación 320190000476 e núm. ingreso 20190000175)

**Cuarto:** notificarlle este acordo a MECANO OBRAS Y REFORMAS SL.

#### **6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00054225H.**

Autorización da cancelación do Seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa ISS FACILITY SERVICES, S.A. para responder do contrato de “Ampliación dos servizos de limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela 2014”. EXPTE. CON/15/2012.

Acórdase autorizar a cancelación do Seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa ISS FACILITY SERVICES, S.A., por importe de 2.119,90 euros (Certificado de Seguro de Caución nº 2N-G-100.001-353, GENERALI S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS), para responder do contrato de “Ampliación dos servizos de limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela 2014”. EXPTE. CON/15/2012.

#### **7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00054322T.**

Autorizar a cancelación do Seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa ISS FACILITY SERVICES, S.A., para responder do contrato de “Servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do concello de Santiago de Compostela”. EXPTE. CON/34/2018.

Acórdase autorizar a cancelación do Seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa ISS FACILITY SERVICES, S.A., por importe de 109.700,00 euros (Certificado de Seguro de Caución nº 4.239.068, ATRADIUS CREDITO Y CAUCION S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS), para responder do

contrato de “Servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do concello de Santiago de Compostela” . EXPTE. CON/34/2018. |

#### **8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00036738S.**

|Autorización devolución da fianza constituída pola empresa, *BUSINESS FACTORY, S.L.*, para responder do contrato de “Servizo de análise de madurez comercial dos barrios de Compostela e as dificultades individuais de acceso ao emprendemento entre colectivos máis sensibles (Lote II)”. EXPTE. 2022/36738S. |

|Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, *BUSINESS FACTORY, S.L.*, por importe de 1.458,85 euros (Ingreso en metálico, núm. operación: 320220003298, núm. de ingreso: 20220001170) para responder do contrato de “Servizo de análise de madurez comercial dos barrios de Compostela e as dificultades individuais de acceso ao emprendemento entre colectivos máis sensibles (Lote II)”. EXPTE. 2022/36738S. |

#### **9. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00003838C.**

|Aprobación dos procedementos de reserva, admisión e matrícula nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2024-2025. |

Acórdase:

1.- Aprobar os procedementos de reserva, admisión e matrícula nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2024-2025, coas características sinaladas na proposta.

2.- Se houberse algún cambio na normativa da Xunta de Galicia que poida ser de aplicación ou afecte ás escolas infantís municipais con posterioridade ao acordo desta Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para as persoas usuarias como para a empresa adxudicataria da xestión das escolas infantís. |

#### **10. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00004416T.**

|Aprobación da nova estrutura de prazas da ORA e residentes en distintos emprazamentos. |

Acórdase:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as seguintes modificación que afectan o sistema de ordenación e regulación do servizo da ORA, coma segue:

1.- Nova creación das prazas da ORA e Residentes, na contorna do Hospital Clínico, concretamente nas rúas: Avenida de Barcelona, Antonio Rama, Manuel Caeiro, Avenida de Bilbao, Sempre en Galiza e Valentín Varela Iglesias (entre a rúa da Choupana é Escultor Ferreiro).

A desagregación de prazas por rúas será a seguinte:

AVENIDA DE BARCELONA	110
RÚA ANTONIO RAMA	32
RÚA MANUEL CAEIRO	16
AVENIDA DE BILBAO	43
RÚA SEMPRE EN GALIZA	40
RÚA VALENTÍN VARELA IGLESIAS (entre rúa Choupana é	22

Escultor Ferreiro)	
--------------------	--

Total ESTIMACIÓN DE PRAZAS 287

A incorporación da Rúa do escultor Camilo Otero – entre Pintor Laxeiro e Manuel Beiras - ao circuito de longa duración ORA “Pontepedriña” coa creación de 94 prazas.

2.- Supresión da única praza da ORA na rúa Virxe da Cerca por non resulta rendible a inversión de recursos persoais e materias, para acadar os obxectivos que se pretenden.

Na rúa da Rosa e República do Salvador suprimir as prazas da ORA e reconvertilas en aparcamento express de 15 minutos

**SEGUNDO.-** Aprobar as seguintes modificacións nas zonas reservadas ao estacionamento de residentes:

- a) Incluír os residentes da rúa das Oblatas na zona 7 de San Lourenzo, con dereito a estacionar nas zonas reservadas a tal fin.
- b) O mesmo coa rúa das Trompas incluíndoa na zona 3 de San Pedro.
- c) Incorporar o barrio de Santo Ignacio de Loyola na zona 9 de Santa Marta, reservando unha parte do estacionamento co que conta para residentes 24 horas (11 prazas), deixando a outra parte para residentes só de noite (7 prazas).
- d) Tamén na zona 9 de Santa Marta, e concretamente na rúa do Doutor Maceira que conta actualmente con 38 prazas de residentes, das situadas nas “terrazas” dos números 10 e 14 da rúa, serán de residentes 24 horas, cun total de 10 prazas.
- e) Na parte baixa desta mesma rúa do Doutor Maceira, manteranse as prazas reservadas para residentes actualmente na marxe esquerda, no sentido de subida; na marxe dereita, as prazas destinadas a ORA, rematado o tempo de estacionamento regulado, poderán ser utilizadas libremente, polo que será suprimida a súa condición de prazas reservadas a residentes.

**TERCEIRO.-** En consonancia co acordado no punto anterior, procede modificar os Anexos I e III da Ordenanza Reguladora do Aparcamento (ORA).

**-Anexo I**

Engadir un novo sector 5 sen rotación obrigatoria:

Incluiría as seguintes rúas:

-Avenida de Barcelona

-Rúa Manuel Caeiro

-Avenida de Bilbao

-Rúa Antonio Rama Seoane

-Rúa Sempre en Galiza

-Rúa Valentín Varela Iglesias (entre Choupana e Escultor Ferreiro)

**-Anexo III**

Engadir a Rúa Escultor Camilo Otero

**CUARTO.-** Procederase a publicar estas modificacións na páxina web do Concello, para xeral coñecemento e informar á cidadanía mediante anuncio nos xornais de

maior difusión local, que poderán solicitar o correspondente distintivo para aparcar en zona ORA e en zona de Residentes, sempre que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 7, 8 e 9 da Ordenanza do sistema do ordenación e regulación do sistema ORA e aparcamento de residentes. |

**11. DEPORTES. Referencia: DEP 1/2024.**

|Aprobación das BASES DAS DISTINCIÓNS SANTIAGO DEPORTE 2023. |  
|Apróbanse as BASES DAS DISTINCIÓNS SANTIAGO DEPORTE 2023 |

**12. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00004549H.**

|Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas. |  
|Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 26 de xaneiro e 1 de febreiro de 2024. |

**URXENCIAS**

**13. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00004860F.**

|**Autorización para a difusión dunha imaxe de titularidade municipal.** |

Acórdase autorizar a Alea Lágrimas, S.L. para incluír nunha gravación audiovisual, e para a posterior difusión desta, da imaxe dun cartel de promoción das Festas do Apóstolo do ano 1971. A cesión de dereitos que se realiza non é exclusiva.

**14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00014938S.**

|**Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de "Obras de execución do proxecto de "Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns.** |

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de "Obras de execución do proxecto de "Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña", nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00002056D.**

|**Autorización da devolución da fianza constituída pola empresa, *Talleres Electrónicos de Pontevedra, Sociedade Cooperativa (TAELO S.COOP.)*, para responder do contrato de "Prestación do Servizo de radiocomunicacións de voz e datos para enlazar os diversos servizos que realiza a Policía Local do Concello de Santiago de Compostela, de acordo coa asignación dinámica de frecuencias (SISTEMA TRUNKING)" CON/37/2018.** |

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, Talleres Electrónicos de Pontevedra, Sociedade Cooperativa (TAELO S.COOP.), por importe de 3.248,98 euros (Ingreso en metálico, nº operación: 320180004018, nº de ingreso: 20180001355) para responder do contrato de "Prestación do Servizo de radiocomunicacións de voz e datos para enlazar os diversos servizos que realiza a Policía Local do Concello de Santiago de Compostela, de acordo coa asignación dinámica de frecuencias (SISTEMA TRUNKING)" CON/37/2018.